

IES ARCEBISPO XELMÍREZ I

MEMORIA DO CURSO 2022-2023

TÁBOA DE CONTIDOS

| | |
|---|----|
| 1. INTRODUCCIÓN..... | 2 |
| 1.1. DATOS XERAIS DO CENTRO..... | 5 |
| 1.2. OFERTA EDUCATIVA..... | 8 |
| 2. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN. OBXECTIVOS E MEDIDAS..... | 10 |
| 2.1 XESTIÓN ACADÉMICO-DOCENTE. RESULTADOS ACADÉMICOS.... | 14 |
| 2.2 XESTIÓN ADMINISTRATIVA E ECONÓMICA. PERSOAL NON DOCENTE..... | 23 |
| 3. HORARIO DO CENTRO..... | 26 |
| 4. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES..... | 28 |
| 5. PROXECTOS, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA | 35 |
| 6. PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO NO CENTRO..... | 44 |
| 7. PROGRAMAS INTERNACIONAIS..... | 49 |
| 8. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO, RELACIÓN DE ALUMNADO, FASES E CALENDARIO..... | 52 |
| 9. MEMORIAS DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS..... | 52 |
| 10. INFORMES INDIVIDUALIZADOS DO ALUMNADO DO CICLO MEDIO VÍDEO DISK-JOCKEY E SON E DOS SEUS TITORES (RÉXIME ORDINARIO E MODULAR) E DE FP BÁSICA | 52 |

MEMORIA DO CURSO 2022-2023

1. INTRODUCCIÓN

Na presente Memoria incluiremos a información máis salientábel sobre a actividade pedagóxica e os datos máis destacados do curso 2022/23, un ano escolar en que, en contraste cos cursos inmediatamente anteriores, recuperamos plenamente a normalidade, en especial na actividade docente e no que a saídas didácticas, intercambios escolares e viaxes formativas se refire.

Con todo, e aínda que de maneira moi diferente aos cursos precedentes, a pandemia seguiu a estar presente na vida diaria do instituto polas consecuencias que se arrastran no estado anímico do noso alumnado, situación á que na memoria do Departamento de Orientación se fará cumprida referencia. Con efecto, unha das consecuencias extraordinarias que trouxo consigo a covid-19 foi a negativa influencia no benestar psicolóxico do noso alumnado. Foi salientábel o traballo de seguimento e intervención desde as Xefaturas de Estudos, en estreita colaboración co Departamento de Orientación e a área de Convivencia, o que permitiu detectar e facer seguimento dos casos máis preocupantes. Unha das derivadas máis preocupantes, a dos casos de RS, fixo que houbera un seguimento especial desde o Departamento de Orientación, o que nos permitiu atender con garantías os rapaces e rapazas con este tipo de problemas. Tamén do labor dos titores e titoras dependeu en grande medida a súa detección. Tentamos abordar estas situacións co maior rigor posíbel, derivando ao equipo de intervención específica as casuísticas máis preocupantes, en estreita comunicación coa Inspección Educativa do noso centro. Especial importancia tivo neste sentido a ampliación do mesmo Departamento de Orientación, que co acrecentamento dunha nova profesional, incluída no cupo de profesorado para este curso, facilitou a atención a estas problemáticas.

Como dicíamos, este curso resultou moito máis tranquilo que o anterior, pois puidemos deixar a un lado a rixidez das normas de funcionamento e dos protocolos pandémicos. A relaxación das distancias interpersoais nas aulas permitiu recuperar plenamente o número alumnos e alumnas por grupo e mesmo o número de grupos tipo, tanto na ESO como no Bacharelato, chegando a incrementar un grupo máis nos estudos posobrigatorios do réxime de adultos. Tamén recuperamos definitivamente as aulas-

materia, que tan bo resultado nos brindaron en períodos anteriores na quenda ordinaria. Despois de once anos de experiencia exitosa, de creación de espazos axustados e dotados na medida do posíbel segundo as necesidades pedagóxicas específicas de cada departamento, as aulas-materia volveron ser unha realidade na vida académica do Xelmírez. Os fondos bibliográficos e moito outro material pedagóxico, que tivera que permanecer almacenado en caixas, ao non se poder garantir a súa integridade e conservación no regreso ás aulas-grupo, recuperou este ano a súa ubicación e funcionalidade anteriores, facendo máis dinámica a actividade educativa.

Por outra parte, previa aceptación dos responsábeis legais e o compromiso do alumnado de cumprir coas normas de convivencia, mantivemos o permiso para que o alumnado de grupos superiores (2º de Bach. / Ciclo Medio) puidese saír do recinto escolar nos recreos. Esta medida, posta en marcha na pandemia, e dada a experiencia exitosa que supuxo, favorece que a concentración de alumnado nos espazos exteriores do centro se relaxe durante os períodos de lecer. Non era de recibo que, na contorna natural do Campus Vida, o noso alumnado de maior idade non puidese gozalo nos períodos de lecer.

Unha medida adoptada na última reunión do Consello Escolar do curso pasado foi a prohibición do uso da telefonía móbil dentro do recinto escolar, salvo usos pedagóxicos dentro da aula por indicación expresa do profesor ou profesora (aplicacións de dicionarios en liña, calculadoras, etc). Os resultados non puideron ser máis satisfactorios, reducíndose de maneira drástica o número de casos de ciberacoso e conflitividades varias relacionadas coa utilización das redes sociais. Perante a petición dos representantes do alumnado no Consello Escolar, farase unha valoración global da medida unha vez finalizado o presente ano académico, para perfilar e axustar a norma de cara ao vindeiro curso.

Entrando xa no que se refire á actividade educativa ordinaria, os resultados académicos resultaron certamente positivos, como se pode comprobar neste documento na análise dos datos elaborados polas Xefaturas de Estudos a partir das avaliacións finais, ordinarias e extraordinarias (véxase o punto 2.1.)

Do mesmo xeito que aconteceu nos cursos anteriores, o profesorado respondeu con profesionalidade aos retos que marcaba o novo escenario educativo. Desde a Dirección do centro queremos deixar constancia nesta memoria e agradecer á inmensa maioría do profesorado a súa profesionalidade e o enorme esforzo realizado por moitos e moitas docentes. Do mesmo xeito, queremos recoñecer o traballo desenvolvido, xunto co equipo directivo, do persoal non docente, que resultou peza fundamental para a organización e o bo funcionamento do centro.

Polo que se refire ás actividades -mal chamadas- extraescolares, deixar atrás a pandemia e a relaxación das medidas a que obrigaban os protocolos anticovid permitiunos recuperar o volume de iniciativas que antes deste período viñan sendo habituais no noso instituto, e mesmo incrementalas. De feito foron máis de cen os eventos educativos extraordinarios, quer levados adiante polos departamentos, quer pola Biblioteca, quer pola mesma Dirección. Houbo actividades salientábeis ao longo de todo o curso que poden ser constatadas no punto 4. da presente Memoria e que tiveron á vicedirección como núcleo de coordinación fundamental. Cómpre salientar as saídas pedagóxicas a diferentes puntos do país e de Europa (Madrid, Berlín, Porto, Lisboa, Andorra, Doñana,...) a viaxe de fin de curso en 4º de ESO, así como as actividades relacionadas cos intercambios (Noruega, Montbéliard, Tánxer, Madrid e Salamanca) e o Proxecto Erasmus+ Fracturas, que finaliza no presente curso.

Precisamente, con relación ás actividades de carácter internacional (véxase o punto 7 desta Memoria), estas concretáronse neste curso no proxecto Erasmus+ mencionado, ás viaxes e intercambios lingüísticos de francés, alemán e portugués.

Dentro do ámbito da actuación da Biblioteca Escolar, o intenso labor desenvolvido, para alén do traballo ordinario de empréstimo e divulgación bibliográfica, constátase tanto na rica e variada oferta dos clubs de lectura, que no presente curso chegaron a ser 11 diferentes, e un traballo especial arredor do proxecto Tecendo Identidades que se pode coñecer polo miúdo no punto 5 da presente Memoria.

Un colofón especial para a volta á normalidade foi a recuperación neste último trimestre do curso dun proxecto expositivo conmemorativo, que ficara paralizado no curso 2019-2020, por mor da pandemia. *O ronsel do Xelmírez: 178 anos na educación e cultura galegas*, inaugurouse a finais de abril. Foron a profesora M^a. Xesús Mascareñas e o profesor Paulo Porta, agora xubilados, responsábeis dos dous proxectos expositivos que ficaran sen realizar, os que tracexaron os contidos desta exposición, síntese das dúas programadas con anterioridade. No marco único do Pazo de Fonseca, no Salón Nobre e no Claustro Alto, moi perto da primeira sede do instituto, no Pazo de San Xerome, e coa colaboración da Universidade de Santiago, puidemos gozar da dimensión histórica que ten o noso centro, herdeiro directo, na nosa condición de instituto histórico, dun legado excepcional que, con orgullo, coidamos no centro.

Para a actual Dirección do centro, no seu último ano de mandato, esta exposición supón un magnífico acto de despedida.

1.1. DATOS XERAIS DO CENTRO

Claustro de profesorado

No presente curso escolar, o Claustro de profesorado estivo composto polos noventa e un profesores e profesoras que figuran na Programación Xeral Anual e mantivo as reunións preceptivas establecidas polo marco legal vixente.

O Claustro de profesoras e profesores do IES A. Xelmírez I pertence aos seguintes corpos administrativos:

Corpo de Profesores de Ensino Secundario: 72

Corpo de Profesores Técnicos de F.P.: 11

Corpo de Mestres: 3

Profesora de Relixión Católica: 1

Ao longo do curso celebráronse tres reunións ordinarias e catro extraordinarias do Claustro do Profesorado.

Consello Escolar

Pese ás mudanzas legais producidas nos últimos tempos, segundo as cales este órgano de representación do centro perde competencias en favor da Dirección, o Consello Escolar mantivo oito reunións, cinco ordinarias e outras tres extraordinarias, todas elas presenciais, para debater dos asuntos principais que teñen a ver coa xestión e goberno do centro, así como a aprobación de solicitudes de novas actividades pedagóxicas e proxectos.

No presente curso renovouse parcialmente a composición do Consello Escolar mediante o proceso electoral convocado pola Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade no primeiro trimestre do curso.

Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) e Comisión Económica

A Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e a Comisión Económica (CE) son órganos colexiados, encargado o primeiro de coordinar os ensinos como peza fundamental no procedemento de toma de decisións IES A. Xelmírez I, e o segundo da supervisión e elaboración dos documentos económicos do centro. Ambos os dous órganos

mantiveron as reunións pertinentes con relación aos seus ámbitos de competencia, tres a CE e dúas a CCP. A CCP tivo unha actividade especial no último trimestre deste curso na definición de materias optativas para a implantación da LOMLOE nos cursos impares.

Comisión da Biblioteca

Baixo a coordinación da profesora responsábel da Biblioteca Escolar, a Comisión da Biblioteca velou polo cumprimento do Programa Anual de Lectura (Anexo II) e colaborou activamente no desenvolvemento dos once clubs de lectura, os de alumnado e o de adultos, sendo moi importante a súa actividade na celebración e desenvolvemento de moitas das efemérides no instituto, recuperando a súa actividade ordinaria da etapa prepandemia.

Do mesmo xeito, este ano a Biblioteca Escolar levou adiante un interesante traballo colectivo, *Tecendo identidades*, centrado na análise da 2ª República en Santiago de Compostela nos ámbitos máis variados (lingua, muller, munda da educación, educación física, o mundo científico protagonizado por mulleres, as relacións con Portugal,...) no que participou moito profesorado e cuxos resultados se fan público...

A acción tutorial.

Ao longo do curso desenvolveuse o plan de acción tutorial na hora semanal de tutoría na ESO (reunións semanais de dous grupos diferenciados (un para 1º e 2º de ESO e outro para 3º e 4º de ESO). O Plan de Acción Tutorial (PAT) foi o marco no que se especificaban os criterios para a organización e as liñas prioritarias de funcionamento da acción tutorial no instituto.

A coordinación entre todos levouse a cabo mediante reunións periódicas estruturadas da seguinte maneira:

- Unha reunión inicial entre a Xefatura de Estudos, a Xefatura do Departamento de Orientación e todos os titores e titoras para planificar o traballo tutorial ao longo do curso.
- Reunión semanal entre a Xefatura do Departamento e o Dpto de Orientación.
- Reunión semanal entre o Dpto de Orientación e os titores e titoras de cada nivel.

- Reunión final, conxunta e por niveis para avaliar o traballo realizado durante o curso, propor modificacións de cara ao ano seguinte, etc.

De maneira extraordinaria, dado o incremento significativo de casos de ansiedade entre o alumnado, unha parte importante das reunións centráronse na programación de estratexias e actividades para paliar os efectos negativos da pandemia. Alén disto, tratáronse temas que veñen sendo habituais, como o ciberacoso, a violencia sexista, para alén da abordaxe das problemáticas específicas e casos concretos. Tamén en colaboración con outros organismos e entidades, desenvolvéronse actividades de especial interese para os rapaces e rapazas de hoxe, como por exemplo, sobre os riscos de Internet.

Convivencia.

Unha vez rematada o curso pasado a revisión e actualización do Plan de Convivencia e das NOF e a consolidación dos Equipos de Axuda, o presente curso continuou a ser complicado nas relacións entre iguais, mantivéronse os equipos A e, en estreita coordinación coa Xefatura de Estudos e o Dpto. de Orientación, púxose en marcha un proxecto de intervención psicolóxica para o alumnado máis vulnerábel (Véxase o arquivo que se xunta: **Memoria Convivencia 2022-23.pdf**).

1.2. OFERTA EDUCATIVA.

- **Ensinanzas de Réxime Ordinario: ESO, Bacharelato , CM Video Disc-Jockey e Son, e en horario de tarde FPB Informática de oficina**

ESO

Catro cursos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO): con tres grupos por curso. Neste curso académico leváronse adiante os seguintes agrupamentos flexíbeis: 1º ESO: Matemáticas, Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura. 2º ESO: Matemáticas, Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura. 3º ESO: Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura e Matemáticas. 4º ESO: Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura. Este curso académico, 2º e 4º da ESO rexéronse pola LOMCE, e 1º e 3º da ESO pola LOMLOE, lei que estará vixente o próximo curso en todos os niveis da ESO.

Asemade tamén estiveron en curso as seguintes seccións bilingües:

- 1ª da ESO Tecnoloxía e Dixitalización en Inglés.
- 3º da ESO Educación Plástica Visual e Audiovisual en Portugués e Bioloxía e Xeoloxía en Francés.

BACHARELATO

No Bacharelato , ofertáronse este curso as seguintes modalidades.

- 1º BAC LOMLOE con catro grupos nas Modalidades: Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e CC Sociais, cunha oferta ampla e flexíbel de optativas.
- 2º BAC LOMCE con catro grupos nas Modalidades de Ciencias, Humanidades e CC Sociais, tamén cunha variada oferta de optativas.

O vindeiro curso todos os bacharelatos estarán delimitados polo marco legal da LOMLOE.

FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA

FP Básica:

FPB Informática de oficina (1 grupo de 1º curso e outro de 2º curso e horario de tarde).

Ciclo de Grao Medio:

- Vídeo, Disc-jockey e Son (2 grupo, con 1º e 2º curso no réxime ordinario)

- **ENSINANZA DE ADULTOS: EBI, ESA, Bacharelato , CM Video Disc-Jockey e Son Oferta Modular.**

Na educación de persoas adultas a oferta é a seguinte:

- Ensinanzas Básicas Iniciais. Nivel I. (1 grupo)
- Ensinanzas Básicas iniciais. Nivel II.(1 grupo)
- Ensinanzas de educación secundaria (ESA), Módulo I , 1º cuadrimestre. (1 grupo)
- Ensinanzas de educación secundaria (ESA), Módulo II , 2º cuadrimestre. (1 grupo)
- Ensinanzas de educación secundaria (ESA), Módulo III , 1º cuadrimestre.(3 grupo)
- Ensinanzas de educación secundaria (ESA), Módulo IV, 2º cuadrimestre. (3 grupo)
- 1º Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía (1 grupo) e Humanidades e CC Sociais (1 grupo). LOMLOE
- 2º Bacharelato de Ciencias (1 grupo) e Humanidades e CC Sociais (2 grupo). LOMCE
- Formación Profesional específica:

Ciclo de Grao Medio:

- ZM Video Disc-Jockey e Son, Oferta Modular ,1 grupo con oferta dos seguintes módulos: Animación musical en Vivo , Animación visual en Vivo, Preparación de sesións de vídeo disc-jockey, Control, Edición e mestura de Son e EIE.

2. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN. OBXECTIVOS E MEDIDAS.

Como vén sendo habitual, a actividade do instituto neste curso 2022-2023 centrouse nos seguintes ámbitos: académico-docente, organizativo e de apertura á sociedade, formulados nos obxectivos expostos na PXA.

- Os resultados académicos obtidos polo noso alumnado nas avaliacións finais son en principio moi satisfactorios, en xeral mellores que en cursos anteriores, (para máis detalle, véxase o punto 2.1.). Aínda que non debe valorarse como un obxectivo prioritario desde o punto de vista educativo, os resultados nas ABAU neste curso foron mellores que a media dos centros galegos, cun 97% de alumnado aprobado na convocatoria ordinaria.

- Analizamos os resultados académicos acadados polo noso alumnado e adoptamos as medidas que cremos redundaron na súa mellora.

Á vista dos resultados académicos atinxidos no curso 2021-22, desenvolvemos a análise pertinente nos órganos competentes do instituto, nomeadamente un debate xeral na Comisión de Coordinación Pedagóxica e, máis pormenorizadamente, nos Departamentos Didácticos, para adoptar as medidas oportunas na procura da mellora deses resultados.

Precisamente foi no seo dos Departamentos Didácticos onde se levou adiante a adaptación á LOMLOE das programacións nos cursos impares, labores que se prolongaron até ben entrado o segundo trimestre, e que foron melloradas a partir das observacións e recomendacións feitas pola inspección do noso centro, transformacións que atinxirán o próximo curso á totalidade dos niveis educativos. A estrutura informática PROENS permitiu unificar a ordenación dos contidos en cada unha das propostas programáticas.

- Máis un ano, continuamos coa xeneralización do uso das TICs como recurso didáctico, para normalizar a súa integración plena nas aulas e na práctica educativa ordinaria. A finais do curso pasado aprobábase no Claustro e mais no Consello Escolar o Plan Dixital do Centro, coordinado polo Xefe do Departamento de Tecnoloxía.

Do mesmo xeito, no presente curso solicitamos a posta en funcionamento dun Polo Creativo, coordinado polo profesor Xavier Méndez Zunzunegui, que lle foi

concedido ao centro e que, ao longo deste ano académico, foi dotado con material especializado e coa adaptación nun único espazo de dúas aulas na planta baixa do instituto. Esta acumulación de funcións levounos a asignar a coordinación do Plan Dixital a unha persoa diferente, a profesora Xulia Vaquero, para que fosen mellor atendidas as dúas responsabilidades (para máis información, véxase a memoria correspondente).

Procuramos avanzar na dotación de medios audiovisuais, co obxectivo de contribuír á modernización e á mellora e á calidade do proceso educativo, polo que houbo que manter un esforzo dotacional e completar a oferta de equipos e pantallas dixitais, nomeadamente na Sala de Profesorado e no recibidor do centro, onde se dá cumprida información de calendarios, convocatorias, actividades e outras iniciativas de actualidade no centro.

- Seguimos a potenciar a Aula de Convivencia como o mellor dos sistemas para a xestión dos conflitos.

A Aula de Convivencia converteuse nunha estratexia organizativa de xestión pacífica dos conflitos moi efectiva. Baséase, nunha visión positiva da tensión conflitiva, entendéndoa como unha oportunidade para a reflexión, para a integración democrática das normas e para a mellora persoal e da institución escolar. O centro conta cun documento onde se detallan as Normas de Organización e Funcionamento, polas que se deben rexer as relacións humanas no centro. A actualización desas normas así como a actividade das mentorías e cibermentorías supuxeron un avance significativo nese xeito de solucionar os conflitos (información máis ampliada, na memoria de Convivencia)

Analizando as características da conflitividade entre iguais no instituto, e tendo como obxectivo mellorar as condicións da convivencia entre o alumnado, o Consello Escolar aprobou na última reunión do curso pasado unha nova medida que, de xeito experimental, prohibe a utilización da telefonía móbil dentro do recinto escolar. Á falta dunha análise pormenorizada das consecuencias da medida no Grupo de Convivencia, a redución da conflitividade é incuestionábel. Será o Consello Escolar o que deberá valorar manter a medida ou mesmo matizala, como demandan os representantes do alumnado no Consello Escolar.

Noutra orde de cousas, e como indicabamos na introdución, as duras condicións de vida a que obrigou a pandemia, aínda se arrastraron no presente curso con casos de depresión e ansiedade no alumnado máis vulnerábel, e mesmo con casos de RS. Por iso resultou transcendental o traballo que desenvolveu o Departamento de Orientación que,

en coordinación coas titorías, interveu co alumnado que precisou de estratexias personalizadas (véxase a memoria correspondente do Dpto. de Orientación).

- Púxose en práctica o Plan dixital, coordinado pola profesora Julia I. Sainz Vaquero. O profesor Javier Zunzunegui encargouse do Polo Creativo, continuando coa xestión da aula virtual e coordina a liña de formación do Plan dixital.

A aula virtual segue a ser o soporte de integración nas aulas e na práctica educativa ordinaria de diferentes recursos e actividades TIC, así como unha vía de comunicación co alumnado e de xestión de material audiovisual.

Con relación ao Polo Creativo, acondicionouse o espazo, mediante obras de adecuación e mellora das salas, recibíuse material e distribuíuse o espazo, ao mesmo que se puxeron en marcha a emisora de radio, os ordenadoras, as impresoras, e se realizaron xornadas de formación e se cableou e se conectou a aula á rede.

O Plan Dixital recóllese na nova plataforma educabilidade, onde se fai o seguimento dos obxectivos e das accións, coa axuda da mentora dixital. Todos os obxectivos se alcanzan, salvo a renovación da web que se apraza para o vindeiro curso.

As incidencias foron numerosas e recolléronse nun libro para tal fin. Ademais, o equipo de profesorado das aulas de informática fixo un seguimento que mellorou o control das mesmas. Tamén se solicitaron á UAC diferentes actuacións de revisión, arranxo e dotación de material. O apoio externo da empresa Elinfo resultou fundamental para solucionar dificultades urxentes e complexas. Ao mesmo tempo, adecuouse o sistema audiovisual do salón de actos, os equipos da biblioteca, reacondicionando e testando equipos e mellorando a conexión nas aulas, laboratorios e noutras dependencias.

- As actividades culturais e extraescolares do instituto, que foran as grandes prexudicadas durante os cursos afectados pola pandemia, recobraron neste 2022-2023 o volume e variedade doutros tempos.

As actividades foron múltiples e variadas, como se poderá comprobar no apartado 4 desta memoria e nas memorias dos diferentes departamentos didácticos. O noso alumnado puido participar en saídas, actuacións musicais, visitas pola cidade, visitas a museos, a exposicións, intercambios, viaxes internacionais, excursións e realizar traballos de campo, nas hortas dentro do centro, no río Sarela,....

Cómpre salientar que no presente curso desenvolvéronse as actividades finais do Proxecto Erasmus+, coas mobilidades pendentes á cidade francesa de Montbéliard e á italiana de Como.

Do mesmo xeito o grupo de teatro Vai no Dentista, con 28 anos de antigüidade, conseguiu o seu 4º premio Buero de teatro xoven a nivel autonómico e continuou coas súas representacións no teatro Principal, no marco do Certame Intercentros.

A Biblioteca do instituto volveu ser neste curso un dos núcleos sobranceiros do centro que xeran un alto volume de actividade formativa. Os clubs de lectura incrementáronse de 4 a 11, e a maiores, no presente curso botou a andar o proxecto Tecendo Identidades, citado anteriormente (véxase o punto 5 deste documento e a memorías específicas correspondentes dos departamentos didácticos)

- Así mesmo, celebrouse un ano máis o certame de Banda Deseñada AX1, no que participaron a Biblioteca, o Equipo de Normalización Lingüística, o Departamento de Debuxo, destinado a fomentar este formato comunicativo na nosa lingua. A tal efecto, seguimos contando co apoio das autoridades educativas en materia de política lingüística, estendendo a participación a toda a comunidade educativa galega. Do mesmo xeito, e coa mesma colaboración, seguimos impulsando o certame de Prosa Subversiva Guillermo Domínguez, coordinado polo Departamento de Filosofía, co obxectivo de fomentar o espírito crítico e a normalización lingüística entre a xente máis nova.

Ao cumprírense dez anos ininterrompidos de certames, fixemos unha publicación coas obras premiadas ao longo deste período.

- Biblioteca Antiga e Museo.

Do mesmo xeito que se viña facendo anos atrás, continuouse cos traballos de mantemento e fichado dos fondos bibliográficos da Biblioteca Antiga do Instituto, e os materiais pedagóxicos existentes na exposición permanente e no almacén do Museo. Ese labor que se está a desenvolver nestas dependencias están coordinadas pola profesora de grego. No Museo é o Xefe do Departamento de Tecnoloxía o responsábel da súa atención.

Co traballo que se estivo a realizar no Museo e na Biblioteca Antiga en cursos anteriores, puido desenvolverse do 24 de abril ao 10 de xuño a exposición “O ronsel do Xelmírez: 178 anos na educación e na cultura galegas” no Pazo de Fonseca e no Claustro Alto do edificio, a carón do Pazo de San Xerome, onde naceu o centro en 1845.

2.1. XESTIÓN ACADÉMICO-DOCENTE. RESULTADOS ACADÉMICOS.



Neste curso escolar xa podemos facer comparativas con respecto a o curso pasado, debido a que igual que o curso pasado as convocatorias extraordinarias de bacharelato e as ordinarias e únicas da ESO pasaron ao mes de xuño. Cómpre, coma sempre, sinalar o esforzo da comunidade educativa, profesores/as, pais, nais e alumnos/as , un esforzo colectivo que garantiu a educación e os demais servizos no centro.

Nas ensinanzas de réxime xeral, destacamos que as cualificacións foron un pouco máis baixas que as do curso pasado, excepto en 3º da ESO, nas que os resultados foron mellores, a pesar de que sempre o alumnado considera este curso o máis complexo de toda a secundaria


En canto a estas ensinanzas de adultos, salientamos que esta modalidade educativa ten unhas características específicas que responden a biografías educativas moi particulares. Os profesionais que imparten clase nesta modalidade trata de obter para cada alumno/a unha educación conforme ás súas aptitudes e ás necesidades na sociedade. Como vén sendo habitual, este tipo de ensinanzas caracterizouse polo vaivén sucesivo ao longo do curso, con continuas baixas e novas matrículas, o que de por si dificulta o labor docente no proceso de ensino-aprendizaxe, porén este ano hai unha moi notable melloría dos resultados polo que felicitamos a todo o alumnado e profesorado de adultos.. No computo xeral de alumnado entre baixas e novas matrículas no segundo cuadrimestre na ESA II e IV, o centro finalizou o curso con 932 alumnas/os matriculados (321 alumnado da ESO, 231 de Bacharelato do Réxime Ordinario, 118 da ESA, 134 de Bacharelato de Adultos, 22 EBIs, 106 en Ciclos F.P

Polo que se refire aos resultados académicos xerais do instituto, reproducimos a seguir as gráficas que conteñen os datos máis importantes das avaliacións finais nas diferentes modalidades e ensinanzas impartidas no centro..


RESULTADOS POR CURSOS





3º ESO




4º ESO







1º BAC (A)




2º BAC (A)







VDJ(RO+OM)






FP-BÁSICA







RESULTADOS ABAU



2.2. XESTIÓN ADMINISTRATIVA E ECONÓMICA. PERSOAL NON DOCENTE.

XESTIÓN ADMINISTRATIVA

Este curso 2022/2023 desenvolveuse desde o punto de vista administrativo de novo coa normalidade, producíndose contra finais de maio a xubilación de Paz Álvarez Domínguez, Xefa de Negociado, e cuxa praza cubre provisionalmente Ana Louro Núñez de Haro.

De calquera xeito, o Xelmírez I é un centro cun número elevado de alumnado e que ofrece unha variedade significativa de estudos con características específicas moi diferenciadas, o que supón unha carga de traballo adicional. Hai que ter en conta ademais que o instituto é depositario dun arquivo histórico de expedientes que non están no Xade e que levamos tamén todo o aparato administrativo oficial do Colexio Peleteiro. De todos os xeitos, o persoal de administración (dúas compañeiras) traballan a pleno rendemento, e, en datas de moita carga laboral, resolven e sacan adiante o traballo.

XESTIÓN ECONÓMICA

A Conta de Xestión do orzamento de 2022 foi presentada para a súa aprobación o 30 de xaneiro de 2023 ante a Comisión Económica e posteriormente ao Consello Escolar nesa mesma data en horario de tarde que a aprobou por unanimidade. Os ingresos do ano 2022 ascenderon a **365.187,487 euros** (téñase en conta que 31.896 euros foron un anticipo do orzamento do 2023, que tiveron que ser computados por orde de Xestión Económica na conta de 2022). En relación ao cumprimento do proxecto orzamentario do centro, infórmase de que se partía dunha cantidade total de 302.874,53 euros e de que os gastos reais neste 2022 foron de **268.793,34 euros** resaltándose as seguintes desviacións por partidas:

-Subministracións: dunha cantidade orzamentada de 70.000 euros, investíronse 48.975,56 euros. Agora ben, dada a subida do prezo da enerxía eléctrica, que por mor da caducidade do contrato con Naturgy non redundou nos gastos do centro ata xaneiro de 2023, prevese que este 2023 sufrirá un incremento considerable.

-Traballos realizados por outras empresas: dunha cantidade orzamentada de 60.274,45 euros, investíronse 71.682,23 euros, posto que a organización da exposición do 178º aniversario do centro (retrasada desde o 2020 por mor da pandemia COVID-19)

implicou un gasto extraordinario (recórdese que no 2019 o instituto recibiu unha partida específica para sufragar estes gastos, e que estaban no remanente das contas). Ase mesmo, a habilitación de espazos para o Polo Creativo supuxo un investimento importante, e estase á espera de que a Administración ingrese o correspondente.

-Axudas de custo e locomoción: dunha cantidade orzamentada de 43.000 euros, investíronse 12-410,94 euros. Está claro que, aínda que se recuperou a actividade normal de saídas e viaxes didácticos, será para o vindeiro exercicio cando se faga notar o incremento dos gastos desta partida.

-Gastos diversos e Materiais inventariables: dunha cantidade orzamentada en conxunto de 88.825,83 euros, investíronse 54.700,10 euros. A diferenza do gasto real nestas partidas amosan que a dinámica do curso non esixiu tanto diñeiro como se podía esperar. O mesmo ocorreu coa partida de Material de Oficina (6.400 euros menos de gasto respecto ao previsto).

O orzamento para o exercicio 2023 presentouse ante o Consello Escolar o 19 de abril que o aprobou por unanimidade. Neste ano 2023 a dotación básica da Consellería de Educación será, segundo os datos que se manexan a día de hoxe **127.312 euros** euros para gastos xerais de funcionamento. Cómpre insistir en que desa cantidade, 31.896 euros foron ingresados como anticipo e rexistrados na conta de xestión do 2022, por indicacións de Xestión Económica e que quedan reflectidos no remanente que se leva para a conta de xestión do ano 2023. Ase mesmo, débese aclarar que todos os anos eses gastos xerais de funcionamento vense progresivamente incrementados con partidas específicas que engrosan ese apartado A1.

Ao longo do período académico 2022-23 fixéronse no centro as seguintes intervencións:

-Exposición 178 anos *Ronsel do Xelmírez*: fabricación de mobiliarios, adecentamento de pezas, traslado, montaxe.

-Habilitación de espazos para o Polo Creativo a partir de dúas aulas.

-Substitución de equipos informáticos en aulas varias, Biblioteca Escolar e postos de dirección. Novo proxector e pantalla no Salón de Actos.

-Dotación de escaleira corredeira para a Biblioteca.

Previsións para os seguintes meses:

-Equipamento a media-alta escala do departamento de Ciclo Vídeo Dj- Imaxe e Son.

-Substitución del timbre del centro por un sistema más sofisticado que, no sólo tenga señal de cambio de hora lectiva, sino posibilidad de servicio de megafonía.

-Remodelación Aula de Plástica.

-Mobiliario a medida en Aulas Planta 0: todas as pendentes

-Melloras dos sistemas de autoprotección do centro.

-Dixitalización de documentación do Arquivo Histórico correspondente ao século XIX e 1ª metade do século XX.

PERSOAL NON DOCENTE

O centro ten dúas persoas asignadas para os labores administrativos, número que resulta a todas luces insuficiente, o que se deixa notar especialmente en períodos de concentración de procedementos.

Pola súa banda, o traballo de conserxaría desenvolveuse con total normalidade por parte dos catro traballadores do equipo de conserxería.

En canto ao persoal da limpeza, mantéñense as catro persoas do servizo

Ase mesmo, estase a contar co labor que desenvolve a coidadora do alumno con necesidades especiais.

3. HORARIO DO CENTRO.

O Calendario do centro rexeuse conforme a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Como vén sendo habitual, o centro elixiu como día non lectivo o 19 de maio de 2023, venres da Ascensión.

Calendario escolar 2022-2023

| 2022 | | | | | | | 2022 | | | | | | | 2022 | | | | | | | 2022 | | | | | | |
|----------|----|----|----|----|----|----|----------|----|----|----|----|----|----|----------|----|----|----|----|----|----|----------|----|----|----|----|----|--|
| L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | |
| SETEMBRO | | | | | | | OUTUBRO | | | | | | | NOVEMBRO | | | | | | | DECEMBRO | | | | | | |
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 | | | | | | 1 | 2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | | | | 1 | 2 | 3 | | |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 28 | 29 | 30 | | | | | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |
| | | | | | | | 31 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 2023 | | | | | | | 2023 | | | | | | | 2023 | | | | | | | 2023 | | | | | | |
| L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | |
| XANEIRO | | | | | | | FEBREIRO | | | | | | | MARZO | | | | | | | ABRIL | | | | | | |
| | | | | | | 1 | | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | | | | | | 1 | |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 27 | 28 | | | | | | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | |
| 30 | 31 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| MAIO | | | | | | | XUÑO | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | | | | 1 | 2 | 3 | 4 | | | | | | | | | | | | | | |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | | | | | | | | | | | | | | |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | | | | | | | | | | | | | | |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | | | | | | | | | | | | | | |
| 29 | 30 | 31 | | | | | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | | | | | | | | | | | | | | | |

As clases desenvóléronse segundo o seguinte esquema:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|-------------------------------|-------|--------|----------|-------|--------|
| HORARIO DE MAÑÁ | 08:45 | 08:45 | 08:45 | 08:45 | 08:45 |
| | 14:25 | 14:25 | 14:25 | 14:25 | 14:25 |
| HORARIO DE TARDE/NOITE | 16:15 | 16:15 | 16:15 | 16:15 | 16:15 |
| | 22:30 | 22:30 | 22:30 | 22:30 | 21:45 |

Horario para as ensinanzas de Réxime Xeral.

Esquema de xornada continuada de 8:45 horas a 14:25 horas todos os días, cun total de seis períodos lectivos de 50 minutos entre os que se intercalan 2 recreos. Nas tardes do martes de 16:20 horas ás 18:00 horas hai dúas sesións lectivas para E.S.O., Bacharelato. Todas estas ensinanzas teñen 32 períodos lectivos.

Os módulos formativos de carácter xeral do primeiro curso do CM Video Disc-Jockey e Son (R.O.) impartíronse todos os días pola mañá coincidindo co horario de E.S.O. e Bacharelato e os luns, mércores e xoves de 16:20 a 18:50.

Horario para as ensinanzas de Adultos.

- O alumnado das Ensinanzas Básicas Iniciais, Nivel I e II tiveron aulas os luns, mércores, e xoves de 17:00 a 20:00, e martes de 18:30 a 21:45 (sesións de 45 minutos).
- O alumnado de E.S.A. tivo as súas clases en xornada de tarde de 17:00 horas a 21:45 horas, de luns a venres, cun período de lecer de 15 minutos (de 20:00 horas ás 20:15 horas). Os períodos lectivos foron de 45 minutos.
- O alumnado de 1º e 2º de BAC tiveron aulas todos os días de 17:00 a 22:30 agás os martes que empezaron ás 18:30h e os venres que remataban ás 21:45. (sesións de 45 minutos).

O CM Video Disc-Jockey e Son (O.M) tiveron aulas de 16:20 até as 22:30 todos os días agás os mércores, xoves e venres que remataron ás 21:40. As sesións foron de 50 minutos. Tiveron 2 recreos de 10 minutos, de 18:00 a 18:10 e de 20:40 a 20:50.

A FP Básica de informática de oficina tivo horario de tarde distribuído en sesións de 45 minutos do seguinte xeito:

Luns, mércores, xoves e venres de 16:15 h a 21:45 h. e martes de 18:30 h até as 21:45.

A secretaría do centro, desde o 1 de setembro ao 30 de xuño tivo horario de atención ao público desde as 08:45 horas ás 14:15 horas e os martes de 16:20 a 19:30 h. O horario de verán, despois da etapa de matrículas, será desde as 10:30 ás 13:00 horas.

4. PROGRAMA ANUAL DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

5. PROGRAMA ANUAL DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Introdución e contexto.

Tras as restricións sufridas nos últimos cursos por mor da pandemia de COVID-19, o equipo docente viña este ano cargado de enerxía e propuxo múltiples actividades. Os numerosos proxectos e grupos de traballo creados favoreceron o traballo interdisciplinar, redundando na formación de alumnado e profesorado.

Coa finalidade de que estas actividades contribuísen a ofrecer unha formación integral do alumnado, a dirección do centro decidiu apoiar toda iniciativa que respectase e promovese os seguintes principios básicos:

- Democracia.
- Respecto da pluralidade.
- Tolerancia.
- Espírito crítico.
- Igualdade de trato e oportunidades.
- Solidariedade e colaboración.
- Espírito de superación e de cooperación.

Dado o elevado número de propostas, foi preciso elaborar un sinxelo protocolo que evitase a superposición de grupos e/ou actividades e facilitase a coordinación:

- Informar en Vicedirección para comprobar dispoñibilidade de datas e evitar duplicidades de alumnado.
- Á hora de planificar, pensar no número de acompañantes necesario (1 por cada 20). De precisar algún reforzo, comentalo con tempo en Vicedirección.
- Na comunicación da actividade, incluír tamén o nome do profesorado acompañante.
- Se a actividade afecta a subgrupos, facer lista do alumnado participante para poder controlar a asistencia e facilitar o funcionamento do centro.
- Introducir con antelación as faltas xustificadas do alumnado participante (se hai algunha modificación, engadila *a posteriori*)
- No caso das actividades máis longas (viaxes, intercambios,...) solicitar unha autorización do/da pai/nai/titor(a) legal (e policial para as viaxes fóra do país). Planificar con bastante

antelación para lograr una mellor distribución, respectar as etapas de exames e evitar superposicións.

- As actividades que se organizan dentro da contorna e están aprobadas polo Consello Escolar, non precisan de autorización paterna específica.

Por parte da Vicedirección o procedemento seguido foi:

Acordar co equipo docente as datas de realización de cada actividade, fixando dende principio de curso o calendario para as viaxes longas e intercambios.

Expoñer os respectivos calendarios na sala de profesores, no taboleiro habilitado para este fin.

Comprobar o profesorado afectado en cada caso e comunicarllo por correo electrónico e a través do taboleiro de actividades.

Ofrecer apoio ao profesorado: atopar acompañantes, adxudicar espazos, elaborar autorizacións e arquivalas, comunicar coas familias, ...

Intercambios

Creemos que é a actividade máis completa que se pode ofrecer ao alumnado, tanto pola súa intensidade (inmersión lingüística e cultural) como pola súa duración (dúas semanas)

Recuperáronse os de Madrid e Salamanca, anulados nos últimos anos por mor da pandemia. Mantívose o de francés (Montbéliard) e o individual de Noruega e levamos a cabo unha nova experiencia cun instituto español en Tánxer. Esta proposta, xurdiu como complementaria á de Francia, porque tiñamos máis candidatos/as que prazas. Algunhas familias amosaron certas dúbidas nun primeiro momento, pero o resultado da experiencia foi marabilloso: os dous grupos integráronse perfectamente desde o principio, as familias de ambos países quedaron sumamente satisfeitas e as diferenzas culturais, lonxe de supor un obstáculo, engadiron interese ao intercambio. Consideramos que é unha experiencia que debe continuar, ben sexa como proposta do departamento de francés, ben xestionada pola vicedirección.

| Intercambio | Alumnado | V. de ida | V. de volta | Departamento |
|----------------------|-----------------|------------------|--------------------|---------------------|
| Noruega (Individual) | 1º BAC (6 al.) | 3/IX – 1/X | 1/II-17/II | Inglés |
| Madrid | 1º ESO | 15/III-22/III | 12/IV-19/IV | Vicedirección |
| Montbéliard | 4º ESO/ 1º BAC | 22/X-29/X | 3/V-10/V | Vicedirección |
| Salamanca | 2º ESO | 15/III-22/III | 12/IV-19/IV | Vicedirección |
| Tánxer | 3º/4º ESO | 15/III-22/III | 12/IV-19/IV | Vicedirección |

Viaxes longas

A meirande parte destas actividades foron iniciativa dos distintos departamentos e nelas traballáronse contidos específicos das distintas materias.

A viaxe a Unquera (Cantabria) xurdiu a petición de alumnado e familias, que alegaban que o alumnado de 3º de ESO non tiña ningunha viaxe, e os respectivos titores tiveron a ben organizala en coordinación coa vicedirección. Dous dos titores destes grupos pertencen ao departamento de Educación Física, o que xustifica o destino e o tipo de actividades escollidas.

| Viaxe | Alumnado | Data | Departamento |
|--------------|----------------------------|-------------------|------------------------|
| Madrid | Artes escénicas 2 | 8-10 de novembro | Música |
| Berlín | Alemán | 16-23 de decembro | Alemán |
| Madrid | 4º de ESO | 11-14 de xaneiro | Filosofía e Historia |
| Porto | Artes escénicas 2 | 2/III – 4/III | Música |
| Madrid | 2º de Bac | 17/III – 19/III | Música |
| Andorra | 1º de Bac | 25/III – 1/IV | E. Física |
| Lisboa | Portugués e Lit. Universal | 26/III -30/III | Portugués e L. Castelá |
| Doñana | Bioloxía | 11/IV – 17/IV | Bioloxía |
| Unquera | 3º de ESO | 2/V – 4/V | Titores+vicedirección |
| Barcelona | 4º de ESO | 18/VI – 23/VI | Vicedirección |

Festivais

Salvo a Matinée théâtrale e a gala de graduación de 2º de Bac, estaban todos ubicados a final de trimestre e/ou en vésperas de días non lectivos.

O festival de Nadal estivo relacionado coa temática do Erasmus + “Fracturas” e representouse a obra “Clandestina” do grupo de teatro do IES A. Xelmírez I “Vai non dentista”, coordinado e dirixido por Daniel Baamonde e Sagrario Torrado (profesora de alemán do centro) O grupo recibiu o 1º premio Buero a nivel autonómico no presente ano por esta obra.

No de fin de curso, este mesmo grupo representou “Solo de triángulo” estreada este ano no Teatro Principal no marco do XXVII Certame de teatro Intercentros.

Para o Entroido e o Samaín, ademais da decoración de espazos, leváronse a cabo os conseguintes desfiles e concursos de disfraces, caracterizados pola alta participación do alumnado.

En todos estes casos, completouse a programación con actuacións do alumnado que está a realizar estudos de música no Conservatorio.

A Matinée é un festival propio do alumnado de Francés no que se combinan distintos tipos de actuacións: canto, baile, recitado, representacións.

Para a Gala de Graduación contamos este ano, a petición do alumnado interesado, cun concerto de piano ofrecido por un alumno do centro. A ANPA do instituto fíxose cargo dos gastos de aluguer, traslado e seguro deste instrumento.

A ANPA contribuíu economicamente co festival de Entroido, ofrecendo a dotación para os premios do concurso e coa Gala de Graduación, na que asumiu os custos de aluguer e traslado do piano solicitado polo alumnado.

| Festival | Alumnado | Data | Departamento |
|--------------------------|-----------------------|-------------|------------------------|
| Samaín | 1º de ESO – 1º de Bac | 28/X/2022 | Ciclos e Vicedirección |
| Nadal | 1º de ESO – 1º de Bac | 22/XII/2022 | Ciclos e Vicedirección |
| Entroido | 1º de ESO – 1º de Bac | 17/II/2023 | Ciclos e Vicedirección |
| <i>Matinée théâtrale</i> | Francés | 16 de maio | Francés e Ciclos |
| Graduación | 2º de Bac | 16/V/2023 | Ciclos e Vicedirección |
| Fin de curso | 1º de ESO – 4º de ESO | 21/V/2023 | Ciclos e Vicedirección |

Conmemoracións

É moi difícil elaborar unha listaxe completa das actividades realizadas nestas datas, porque moitas delas lévanse a cabo nas aulas dentro das correspondentes materias. As que figuran a continuación foron tratadas desde un punto de vista interdisciplinar e realizadas en espazos comúns e/ou en horarios compartidos.

| Conmemoración | Actividade | DATA |
|---|---|---|
| Día da erradicación da pobreza | Proxección de vídeos na pantalla da entrada. Actividades de aula | 17 outubro |
| Día internacional da tolerancia | Proxección de vídeos na pantalla da entrada. Actividades de aula | 16 novembro |
| Mes da Ciencia | Actividades diversas organizadas pola Biblioteca | Novembro |
| Día en contra da violencia de xénero | Recordatorio das vítimas, presentacións | 22 novembro e días anteriores e posteriores |
| Día dos dereitos humanos | Traballo específico na aula. Carteis | 10 decembro |
| Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto | Actividades na aula, cine, decoración do centro. | 27 xaneiro |
| Día da Paz | Exposicións, decoración do centro, proxeccións, charlas... | 30 xaneiro e días anteriores e posteriores |
| Día Internacional da Muller Traballadora | Exposicións, decoración do centro, proxeccións, charlas... | 8 marzo e días anteriores e posteriores |
| Día do libro | Intercambio de lecturas. Proxeccións na pantalla da entrada. Xogo do amigo invisible. | 24 abril e días anteriores |
| Letras Galegas | Celebración de xornadas dedicadas a conmemorar o aniversario | 18 maio e días anteriores |

Actividades propostas polos departamentos. Secuenciación.

Todas estas propostas estarán incluídas nas respectivas memorias dos departamentos. Recollemos aquí unha secuenciación temporal do groso das actividades realizadas que foron variadas e numerosas.

O equipo da biblioteca foi especialmente activo como tamén o foron os grupos de Coeducación, o de Internacionalización e os Polos Creativos.

Mención especial, tamén, para o departamento de Orientación que levou a cabo unha das propostas máis amplas pero moi ben planificada.

En torno aos Plans Proxecta xeráronse tamén numerosas actividades de tipo interdisciplinar que abarcaron en conxunto a casi totalidade do alumnado.

| Actividade | Alumnado | Data | Departamento |
|------------------------------|-------------------|----------------|-----------------------|
| Xornada formación usuarios | 1º ESO A | 29 de setembro | Biblioteca |
| STAT WARS | 4º ESO A | 27 de setembro | Matemáticas |
| Recital do camiño | 4º ESO A/C | 30 de setembro | Galego |
| Xornada formación usuarios | 1º ESO B | 29 de setembro | Biblioteca |
| <i>Teenage Riot</i> | 4º ESO B | 4 de outubro | Galego |
| Charla regulación emocional | 2º de Bac | 4 de outubro | T. Convivencia |
| Xornada formación usuarios | 1º ESO C | 29 de setembro | Biblioteca |
| Expo. Rainiero Fernández | FP Básica | 7 de outubro | Vídeodj |
| Ob. de efectos especiais | Al. interesado | 13 de outubro | Biblioteca |
| Charla regulación emocional | 1º de Bac | 13 de outubro | T. convivencia |
| Teatro | Portugués | 18 de outubro | Portugués |
| Mulleres directoras | 4º ESO A | 18 de outubro | Biblioteca |
| Técnicas RCP | 1º de ESO | 18 de outubro | Imaxe e son |
| Cine: <i>Fragile</i> | 2º de ESO | 21 de outubro | Francés |
| Teatro: <i>Amantis</i> | 3º de ESO | 24 de outubro | Orientación +titorías |
| Charla AEAT | 2º de Bac | 25 de outubro | Economía |
| Charla AEAT | 1º de Bac | 26 de outubro | Economía |
| Charla AEAT | 1º de Bac | 27 de outubro | Economía |
| PODCAST Saúde Mental | 3º de ESO | 27 de outubro | Orientación |
| Cine: <i>Le Tableau</i> | 1º de ESO | 28 de outubro | Francés |
| Charlas Consumo de alcol | 1º de Bac | 2 de novembro | Vicedirección |
| PODCAST Saúde Mental | 3º de ESO | 3 de novembro | Orientación |
| Teatro: <i>Nevermore</i> | 1º de Bac A/B | 10 de novembro | Galego |
| Teatro: <i>Nevermore</i> | 1º de Bac A/B | 10 de novembro | Galego |
| Charla C. Palacios | Profes e familias | 14 de novembro | Coeducación |
| PODCAST Saúde Mental | 3º de ESO | 21 de novembro | Orientación |
| Charla - Coruña | Anatomía | 21 de novembro | Bioloxía |
| Museo Historia Natural | FP Básica | 21 de novembro | Ciclos |
| EGAP – Equipos de axuda | 2º e 3º ESO | 23 de novembro | Convivencia |
| EGAP – Equipos de axuda | 2º e 3º ESO | 25 de novembro | Convivencia |
| Charla - Orzamentos | 1º de Bac A/B | 2 de decembro | Economía |
| Ob. Prevención abuso sexual | 4º ESO e VDJ | 9 de decembro | Orientación |
| Charla Permiso de residencia | 4º de ESO | 19 de decembro | E+ Fracturas |
| Charla Cidadanía mundial | 1º de Bac | 20 de decembro | E+ Fracturas |
| Educación vial | 1º de Bac | 9 de xaneiro | Vicedirección |
| Visita a Sotavento | 4º de ESO | 12 de xaneiro | Bioloxía |
| Charla cultural | 1º de ESO | 16 de xaneiro | Inglés |

| | | | |
|------------------------------|------------------|----------------|-----------------------|
| Charla UNICEF | 1º de ESO | 19 de xaneiro | PP: Dereitos infancia |
| Teatro en galego | 1º de Bac | 25 de xaneiro | Galego |
| Visita á TVG | 4º de ESO | 25 de xaneiro | Imaxe e son |
| Charla economía | 1º de Bac | 26 de xaneiro | Economía |
| Visitas USC | 2º de Bac | 1 de febreiro | Orientación |
| Saída a Vigo | 1º de Bac | 7 de febreiro | Titorías |
| Proxectos desenvolvemento | Relixión +G.Sol. | 8 de febreiro | Relixión |
| Pres. Expo Sen Cancelas | Todo | 8 de febreiro | Varios |
| Concerto didáctico | ESO | 9 de febreiro | Imaxe e son |
| Charla coeducación | 1º de Bac | 10 de febreiro | PFPP Coeducación |
| Exposición ABANCA | 4º ESO - 2º Bac | 10 de febreiro | Artes Plásticas |
| Mulleres científicas | 4º de ESO | 10 de febreiro | Bioloxía |
| Por que nacín enxeñeira? | 2º - 4º de ESO | 13 de febreiro | Varios |
| Charlas Ed. sexual | 2º de ESO | 15 de febreiro | Igualdade |
| Charlas Ed. sexual | 1º de ESO | 16 de febreiro | Igualdade |
| Charlas Ed. sexual | 3º de ESO | 15 de febreiro | Igualdade |
| Plan nacional de drogas | 3º B e 4º A | 24 de febreiro | Vicedirección |
| Física de partículas | 2º de Bac | 3 de marzo | Matemáticas e Física |
| C. lectura Camões | Portugués | 6 de marzo | Portugués |
| Visita a Lugo | Clásicas | 7 de marzo | Clásicas |
| Charlas ABAU | 2º de Bac | 8 de marzo | Orientación |
| Conferencia P. A Ponte | 2º de Bac | 9 de marzo | Bio- Fís- Quím |
| Células nai | Anatomía | 10 de marzo | Bioloxía |
| Aplicacións da biotecnoloxía | 2º de Bac | 10 de marzo | Bioloxía |
| Visita á TVG | VídeoDJ | 14 de marzo | Imaxe e son |
| Ruta limpeza Sarela | 3º de ESO | 16 de marzo | Bioloxía |
| Canguro matemático | 1º de ESO | 16 de marzo | Matemáticas |
| Xogando coa luz | 2º de Bac | 17 de marzo | Física e Química |
| Charla: Saúde Mental | 1º de ESO | 23 de marzo | Orientación |
| Charlas consumo alcol | 1º - 4º de ESO | 24 de marzo | Orientación |
| Charlas Educación Sexual | 2º de ESO | 27 de marzo | Igualdade |
| Saída Noia - Corrubedo | 1º de Bac | 28 de marzo | Bioloxía |
| Prácticas de Química | 1º de Bac C/D | 28 de marzo | Química |
| Un hotel de 1ª sobre o río | 4º de ESO | 30 de marzo | Galego |
| Charlas consumo de alcol | 4º de ESO | 30 de marzo | Orientación |
| Encontro literario | 1º de Bac | 11 de abril | Galego |
| Cine: O teito amarelo | 2º e 3º de ESO | 13 de abril | PFPP Coeducación |
| Humanismo e tecnoloxía | 1º de Bac C/D | 13 de abril | Tecnoloxía |
| Ruta Republicana | 1º de Bac C/D | 14 de abril | Biblioteca |
| As caras do alcol | 2º de ESO | 17 de abril | Orientación |
| As caras do alcol | 2º de ESO | 19 de abril | Orientación |
| Museo do Pobo Galego | 4º ESO B | 19 de abril | Imaxe e son |
| As caras do alcol | 3º de ESO | 20 de abril | Orientación |
| Concerto Alemán | Alemán | 24 de abril | Alemán |
| Visita TVG | 1º de Bac | 27 de abril | Imaxe e son |
| Olimpíada matemática | 2º de ESO | 27 de abril | Matemáticas |
| O Ronsel do Xelmírez | 1º de ESO | 2 de maio | Vicedirección |

| | | | |
|---|------------------------------------|------------------------------|----------------------------|
| O Ronsel do Xelmírez | 2º de ESO | 5 de maio | Vicedirección |
| Charlas regul. emocional | 4º de ESO | 9 de maio | T. Convivencia |
| Teatro Mandala Compostela | 3º de ESO | 10 de maio | Normalización |
| Charlas regul. emocional | 4º de ESO | 11 de maio | T. Convivencia |
| Charla: Europa | Economía 1ºBac | 15 de maio | Economía |
| <i>Matinée théâtrale</i> | Francés | 16 de maio | Francés e Ciclos |
| Charlas Coeducación | 4º de ESO | 25 de maio | PFPP Coeducación |
| Ruta Natural Compostela | 2º de ESO | 26 de maio | Titorías |
| Feira da Ciencia | ESO | 6 de xuño | Imaxe e Son |
| Excursión Cíes | Clubs lectura | 7 de xuño | Biblioteca |
| Visita ao CGAI | Cultura Clásica | 13 de xuño | Clásicas |
| Pres. Proxecto Tribo 22-23 | 3º ESO A | 13 de xuño | Orientación |
| Obradoiros de dobraxe | 2º ESO+Clubs L. | 19 de xuño | Biblioteca |
| Saída a Lugo | 1º de ESO | 20 de xuño | Titorías |
| Ruta dos petróglifos | 2º e 3º de ESO | 20 de xuño | Clásicas |
| Cerceda (premio carnaval) | 3º ESO A | 20 de xuño | Vicedirección |
| Liga deportiva | ESO | Última semana | Educación Física |
| Expo Le Petit Prince | ESO + 1º Bac | Última semana | Francés |
| Expo Tecendo Identidades | ESO + 1º Bac | 21 de xuño | Biblioteca + Varios |
| Reunión Espazo Igualdade e Apoio LGTBIq | Al. voluntario Prof. voluntario | Todos os martes 2º recreo | Igualdade - Convivencia |

6. PROXECTOS, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA

Cumprimento dos obxectivos

O grao de cumprimento dos obxectivos propostos para este curso 2022/2023 é moi satisfactorio. Contamos co apoio do equipo directivo e cun equipo humano importante.

Ademais do labor de dinamización e fomento da lectura, por segundo curso consecutivo sumámonos ao proxecto Lectura e Familias e continuamos a desenvolver o PDI plurianual Tecendo Identidade(s) este ano centrado na II República, no que participaron 16 departamentos e 22 docentes.

Xestión técnica

O equipo de traballo, coordinado por Olga Iglesias de la Fuente, estivo constituído polas seguintes profesoras:

- Isabel Blanco Arnejo (Departamento de Física e Química)
- Rosa Blanco Veiga (Departamento de Biología)
- Carme Moure Espiño (Departamento de Lingua Galega e Literatura)
- Alexandra Pacheco González (Departamento de Lingua Galega e Lit)
- María Dolores Picallo (Departamento de Inglés)
- Violeta Pérez Figueroa (Departamento de Lengua castellana)
- Rosaura Rodríguez García (Departamento de Francés)
- Rodrigo Ruíz Beiras (Departamento de Inglés)
- Ricardo Spencer de Albuquerque (Departamento de Imaxe e Son)
- Natalia Val Guerreiro (Departamento de Plástica e Visual)

Organización e xestión

- Adquirimos fondos atendendo ás necesidades da Biblioteca, Departamentos e Clubs de lectura.
- Catalogamos e etiquetamos fondos, tanto os de nova adquisición como os distribuídos polos distintos departamentos e aulas.
- Levamos a cabo o seguimento e reclamación dos empréstitos non devoltos.
- Fomos seleccionados por Bibliotecas Escolares como centro de boas prácticas, e participamos nas Xornadas de Bibliotecas Escolares do mes de novembro, contando a nosa experiencia na posta en marcha dun PDI.
- Participamos, tamén por convite da Consellería, na Mesa de experiencias dos clubs de lectura, dentro da XV Xornada dos Clubs celebrada o 5 de xuño.

- Asistimos aos encontros PLAMBE 22- 23
- Realizamos exposicións periódicas de novos materiais e dos xa existentes
- Fixemos un esforzo moi importante por promover o fomento da lectura e por dar a coñecer a nosa actividade nas redes sociais. Incorporamos este curso 165 entradas no noso [blog](#), outras tantas no [Facebook](#) e 112 no [Instagram](#), nesta última rede pasamos de ter 72 persoas seguidoras no 2021, ata as 769 coas que conta na actualidade.

Formación de persoas usuarias

Realizamos no mes de outubro unha xornada de formación de persoas usuarias para o alumnado de 1º ESO. A sesión parte dun recibimento de benvida á Biblioteca, a explicación das normas xerais e o posterior visionado dunha presentación audiovisual, feita polos nenos e nenas de 4º ESO sobre o funcionamento da Biblioteca: Esta é a nosa Biblio. Remata cunha ximcana na que o alumnado distribuído en equipos debe realizar buscas de materiais en distintos soportes.

Educación documental

O noso PDI ten entre os seus obxectivos o de converter a biblioteca nun centro de aprendizaxe e nun espazo de alfabetizacións múltiples. Con tal fin, elaborouse o curso pasado un material no que se abordan os seguintes aspectos: busca da información, discriminación de “fake news”, fontes, almacenar e compartir documentos en drive, creación de presentacións atractivas, licenzas libres de dereitos, conversión de documentos a PDF, comprimir arquivos, organizar todos os nosos recursos en Symbaloo. Edu.

Foi empregado en distintas materias e, asemade, entregouse a principio de curso unha copia do mesmo ao profesorado que imparte TIC´s no centro para que o incorporase á súa programación de aula.

Fomento da lectura e da escrita creativa

- Contamos cun recuncho Novidades para dar conta das novas adquisicións da Biblioteca, así coma dun espazo na entrada do centro no que se difunden tamén todas as actividades que desenvolvemos.
- Realización mensual de carteis con códigos QR que se colgaban na entrada e se subían ás redes sociais para dar conta das novas adquisicións: Setembro, estamos de estrea; Samaín, lecturas que arreguizan o sangue; Febreiro, lectura en portugués...
- Promoción do catálogo da Biblioteca escolar, así como da plataforma Elbe, distribuímos información destes servizos entre todo o profesorado e alumnado e divulgámoslos nas redes.

- Recomendacións literarias. Realizáronse no mes de setembro dous trípticos con códigos QR destinados a alumnado da ESO e de Bacharelato e Ciclos Formativos, En Nada(L)er é unha festa. Imprimíronse en papel e foron distribuídos ao conxunto do alumnado e profesorado.
- Campaña: A mellor viaxe, un libro, na que alumnado e profesorado se disfrazan e recomenda un libro. As imaxes son tratadas con croma para conseguir a ambientación literaria correspondente. Foi especialmente produtiva en Samaín e no Entroido.
- Os escritores e escritoras convidadas ao noso centro tamén nos falan dos seus gustos, influencias literarias e fixeron recomendacións lectoras respondendo o noso cuestionario lector: Bibiana Candia, Marilar Aleixandre, Adrián Noya, Ismael Ramos, entre outros.
- Realizamos, a partir de lecturas feitas polo alumnado e polo profesorado e familias 7 encontros literarios: Rosa Aneiros e María Rei Vilas, Ismael Ramos, Adrián Noya, Juan Tallón, Marilar Aleixandre, Tristán Noya.
- Espazo web Eu tamén son booktuber, no que o alumnado realiza videocríticas sobre obras literarias do seu interese.
- Obradoiros e gravación de podcast.
- Realización dun Telexornal.
- Vitrinas literarias: María Casares, As malas mulleres, Bibiana Candia, A parte fácil.
- Achegamento á poesía actual a través da creación de videopoemas feitos polo alumnado: Olga Novo, Carlos Negro, Yolanda Castaño, Dores Tembrás, María Lado, Manuel Rivas, Xela Arias, Ana Romaní... foron algúns dos autores e autoras recreados.
- Realización de dous obradoiros de dobraxe Solovoz, impartidos por Damián Alonso destinados ao alumnado participante nos clubs de lectura e a alumnado de 2º ESO.
- Divulgación de campañas e recomendacións literarias.
- Divulgación de certames literarios
- Presentación de libros: *O navegante. Unha viaxe a bordo da Sala Nasa, O país dos raposos.*
- Ciclos de cine, organizados arredor do club Filmírez, no que se analizou a relación entre cinema e a obra literaria: *O lapis do carpinteiro, Viaxe ao centro da terra, A máquina do tempo, As viaxes de Gulliver...*foron algunhas das propostas.
- Temos libros para dar e tomar, andeis para intercambio de libros entre os membros da Comunidade Educativa.
- Divulgación de Booktubers galegos e españois de idade semellante á do noso alumnado.
- Divulgación de recursos: Como facer un cómic, Como facer un booktrailer, Como facer un libro despregable...
- Acollemos a 1ª fase do Concurso Internacional de Lectura en portugués, organizado polo Instituto Camões.

Conmemoracións

O noso particular calendario de conmemoracións xira arredor da lectura ou ben daqueles aspectos relacionados coa identidade cultural, medioambiental, de xénero... co fin de reforzar os obxectivos do PDI Tecendo Identidade(s) na II República. Así, celebramos:

- Día Europeo das Linguas, nunha actividade realizada polo Equipo de Dinamización, en colaboración coa SXPL, na que o alumnado da ESO e de Bacharelato recitou poemas en 12 linguas.
- Un samaín de medo: cun amplo abano de actividades: curtametraxes de terror, exposición de literatura terrorífica, xogo O enigma de Fibonacci e Obradoiros de cicatrices, impartidos polo profesor especialista en Efectos Especiais Ricardo Spencer.
- Novembro e decembro: Meses da Ciencia en Galego na nosa Biblioteca. As profesoras Rosa Blanco e Isabel Blanco realizaron co seu alumnado dúas exposicións: Ciencia que fai historia, unha liña do tempo científica que recolle información das principais científicas e científicos dende a Idade Antiga ata o séc. XX. Ademais, o alumnado de 4º ESO destacou cada día do mes de novembro unha efeméride relacionada coa data.

Realizouse tamén un kahoot para afianzar os coñecementos das exposicións e houbo investigación sobre os morcegos e ambientación da Biblioteca con deseños destes animais.

- 25 de novembro. Difundimos e colaboramos dende a Biblioteca na actividade organizada polo grupo de traballo de Coeducación e Igualdade; realizouse unha vitrina conmemorativa e unha exposición de literatura feminista.
- Semana da Muller e a Nena na Ciencia. Realizáronse distintas actividades: charla Por que nacín enxeñeira?, exposición Nin rosa, nin azul, materia gris. Asemade, participamos en Coñéceas, actividade organizada por ASEICA (Asociación Española de Investigación sobre o Cancro), coa fin de dar visibilidade ás científicas que investigan sobre o cancro, romper estereotipos de xénero e animar o alumnado e, en particular, ás mozas a que se interesen pola Ciencia.
- 25 de abril. Pousavazos, infografía, bandeirolas e produtos diversos recolleron nunha exposición o traballo de investigación realizado polo alumnado de portugués para conmemorar a data desta revolución pacífica.
- Día do Libro. Celebramos por primeira vez no centro o Día da amiga/amigo invisible, unha actividade que gozou de excelente acollida entre o profesorado e foi, indirectamente, unha magnífica campaña de lectura para o alumnado.

Ademais, o alumnado da ESO, coordinado polo seu profesorado titor, realizou nas aulas Libros xigantes nos que recollían as súas impresións sobre o libro e a lectura ou ben realizaban creacións de escrita colectiva.

- Día da República: “Sea el libro nuestro mejor amigo”, con este cartel republicano e con outros 20 máis que transmiten o potencial revolucionario da universalización da cultura, quixemos render homenaxe a ese período da nosa historia no que as Bibliotecas ocuparon un lugar central na preocupación dos gobernantes.
Ademais da exposición de carteis, realizamos unha exposición de libros na entrada do centro, dispostos por cores que reproducían a bandeira republicana.
- A Biblioteca foi o lugar elixido polo Equipo de Dinamización da Lingua para quitar fotos con croma no certame Rosalía- T.
- Outras efemérides: Día de Castelao, Día da Lingua Propia, Día da Poesía, Día das Bibliotecas, Día de Rosalía, Día da Lingua inicial, tamén foron divulgadas e difundidas dende as nosas redes, aínda que sen deseñar actividades específicas para elas.
E promovemos outras datas relacionadas coa cultura propia: Candeloria, Santa Compañía...
- Sen conmemorar ningunha efeméride especial, pero relacionadas coas liñas de traballo do noso proxecto realizáronse outras actividades como a charla Pioneiras, de AGAPI.

Proxecto Documental Integrado: Tecendo Identidade(s) na II República

O curso pasado puxemos en marcha o PDI Tecendo Identidade(s), elixido pola Consellería como mostra de bo facer. Concibido como un proxecto plurianual, este curso centrámolo na II República. Xunto cos horarios e as instrucións do curso académico, o profesorado recibiu un díptico no que se explicaba sucintamente que é un PDI e que é se espera do profesorado.

O traballo proposto, impulsado e coordinado dende a Biblioteca aglutinou a 16 departamentos e 23 docentes, que realizaron produtos de gran calidade en formatos diversos.

| | | | |
|------------------|------------------|-----------------|--|
| Alemán | Sagrario Torrado | 4º ESO, 1º Bac. | Atlantismo: Generation Wir Mapa interactivo realizado con Google earth no que se establecen as relacións da intelectualidade alemana coa Xeración Nós |
| Bioloxía | Rosa Blanco | 4º ESO | A escola da vida Infografías, cadernos de Ciencias, produtos audiovisuais... Múltiples traballos realizados ao longo de todo o curso na Aula Bosque e na Aula Río, poñendo en práctica a metodoloxía da Institución Libre de Enseñanza |
| Debuxo Artístico | Natalia Val | 1º Bac. | O que nos contan os carteis |

| | | | |
|------------------|---|--------------------------------|--|
| | | | Reproducción de carteis da época e deseño dun cartel para o noso proxecto seguindo as técnicas e a estética republicana |
| Economía | Andrés Fariña | 1º Bac. | Do local ao social Investigación documental realizada no Arquivo Histórico Universitario polo alumnado de Economía de 1º Bac., que se plasma nun libro dixital que aborda a política municipal desenvolvida polo Concello de Santiago durante a II República |
| Educación Física | Juan Oruezabala Antonio González | Todos os niveis | O deporte: primeira arma feminista Traballos de investigación na aula, presentacións e xogo interactivo As Hockeywomen dos anos 30 |
| Francés | Rosaura Rodríguez | 2º ESO | II República e III République française-connexions Collage que ilustra as relacións entre as repúblicas francesa e española, infografía sobre María Casares e Araceli González |
| Galego | Carme Moure, Alexandra Pacheco, Olga Iglesias | 2º ESO, 1º Bac., 2º Bac. | Xogamos a estar vivas? Entrevistas a protagonistas da historia, historiadoras/es e investigadoras/es; infografía; roteiro virtual; videos divulgativos (máis de 100), un deles gañador do certame de Cinema Escolar Olloboi, na categoría de divulgación; presentacións; explicacións do alumnado de 1º bacharelato nas aulas de 2º ESO. |
| Imaxe e Son | Ricardo Spencer | 2º Bac. | Republicurtas Curtametraxes: Díaz Baliño, Isabel Ríos, Rodríguez Cadarso e Misións Pedagóxicas |
| Inglés | Rodrigo Ruíz | 4º ESO | Atlantismo: relación entre Galicia e Irlanda a comezos do séc. XX Photocall Atlantismo e elaboración de cartelaría que establece as conexións entre Irlanda e a Xeración Nós, traballos de investigación de aula. |

| | | | |
|----------------------|--|-------------------|---|
| Orientación | Aurora Pérez, Carmela Murcia e Natalia Rodríguez | 1º, 2º, 3º ESO | Exposición: O ensino na II República, cuestionario para o seu visionado e organización dos grupos. Elaboración dun kahoot sobre a mesma. |
| Portugués | Manuel Portas | 1º Bac. | Um sonho compartido Ebook que plasma o traballo de investigación sobre máis dunha ducia de personalidades portuguesas que mantiveron contacto con intelectuais galeguistas na procura da irmandade lingüística e cultural galego-portuguesa |
| Lengua castellana | Carolina Bret | 3º ESO | Mujeres libres Edición, realizada polo alumnado, do nº 14 da Revista Mujeres Libres |
| Química | Isabel Blanco | 4º ESO | A luz invisible de Dorotea Barnés Vídeo divulgativo que resultou finalista nacional no I Concurso Mujeres en Química, convocado pola Asociación de Químicos e o Ilustre Colegio de Químicos de la Comunidad Valenciana. Científicas da II República, trala luz invisible de Dorotea Barnés Infografías de mulleres científicas deste período |
| Historia e Filosofía | Nieves López, Ana Riveiro e Berta Mata | 4º ESO | A escola na II República Vídeo divulgativo que dá conta das reformas educativas levadas a cabo neste período e dos cambios posteriores. |
| Xeografía | Raquel Iglesias | 1º ESO | Emulando os cadernos de Xeografía da II República O mestre de Teo, Bernardo Mato, asasinado en 1936 incorporou o caderno “al quehacer del educando”, pois a través deles “el niño trabaja en vez de escuchar discursos”. A publicación dos seus cadernos de Xeografía foi o punto de partida para a elaboración dos nosos propios cadernos e |

| | | | |
|--|--|--|---|
| | | | o estudo- fuxindo das ferramentas tecnolóxicas- de distintos aspectos curriculares na materia de Xeografía. |
|--|--|--|---|

Proxecto Lectura e Familias

Por segundo ano consecutivo, formamos parte do proxecto Lectura e Familias. Este curso, dado que a partida orzamentaria foi menor, optamos por centrar máis esforzos nas liñas de traballo expostas anteriormente. Con todo, contamos coa complicidade das familias na campaña *A mellor viaxe, un libro* e o noso club de adultos, Palabras Compartidas, viuse incrementado coa incorporación de tres novas familias.

O 19 de xuño Damián Alonso impartiu dous obradoiros de dobraxe Solovoz, para alumnado de 2º ESO, aberto tamén a familias.

Proxecto lector de centro

Os clubs de lectura contan con longa tradición no noso centro, pero este curso incrementamos o número de clubs, de alumnado lector e mesmo de temática(s). Contamos con 11 clubs de lectura.

1. Club de lectura Xelmírez I 1º ESO:” Quen le moito e anda moito, ve moito e sabe moito (Cervantes)”. Espazo de encontro para o alumnado de 1º ESO en funcionamento dende o curso pasado. Coordinado por Breogán Martínez, profesor de Lingua e Literatura Castelá.

2. Club de lectura As grumetes de Antílope: espazo de encontro para o alumnado de 2º ESO. “Máis libros, máis libres”. Botou a andar no 2019- 2020. Coordinado por Rosaura Rodríguez, profesora de Francés.

3. Club de lectura XelmilectorXs: espazo de encontro para o alumnado de 3º ESO. “A ignorancia é a nai da devoción” (Gregorio o Grande, mentres queimaba a Biblioteca de Roma). En funcionamento dende 2018- 2019, coordinado por Alexandra González Pacheco, profesora de Lingua e Literatura Galega.

4. Club de lectura A Poza dos libros (Bar de lecturas): espazo de encontro para o alumnado de 4º ESO. “A lectura é un pracer que se contaxia” (Agustín Fernández Paz, O rastro que deixamos). Comezou a funcionar no curso 2017- 2018. Coordinado por Rodrigo Ruiz Beiras, profesor de Inglés.

5. Club de lectura 1º Bacharelato Lectámbulas. Ponse en marcha por primeira vez durante este curso. Coordinado por Violeta Pérez, profesora de Lingua e Literatura Castelá.

6. Club de lectura de adultos Palabras compartidas: espazo de encontro de lectores adultos (profesorado, nais, pais, persoal non docente...), que este ano incorporou tres novas familias. “Non

hai mellor fragata que un libro para levarnos a terras perigosas". (Emily Dickinson). Coordina Olga Iglesias de la Fuente, profesora de Lingua e Literatura Galega.

7. Os martes lila, destinado ao alumnado de Igualdade. Naceu no curso 2021- 2022 coordinado por Carme Moure Espiño, profesora das materias de Igualdade e Coeducación.

8. LGBTIQ+. Xorde no curso 2021-2022, promovido polo equipo de Igualdade e coordinado por Sagrario Torrado, profesora de Alemán.

9. Filmírez, lectura de cinema. Ponse en marcha este curso coordinado por Ricardo Spencer, profesor de Audiovisual e especialista en efectos especiais.

10. Club de lectura Banda deseñada. Novidade deste curso, coordinado conxuntamente por Teresa Castro, profesora de Matemáticas, e Fernando Prieto, profesor de Xeografía e Historia (ámbolos dous xubilados na actualidade).

11. Club de lectura en portugués. Novidade igualmente deste curso, coordinado por Anaísa Esteves de Amorim, asistente de conversa de portugués no noso centro. Integrado por alumnado de 2º ESO, 3º ESO e 1º bacharelato.

Arredor dos clubs realizáronse múltiples actividades; entre elas: roteiro literario con Cajaraville, 7 encontros literarios xa indicados anteriormente, cuestionario lector a todas as escritoras e escritores que visitan o noso centro, obradoiros de cinema, obradoiros de efectos especiais, obradoiro de dobraxe, montaxes croma, entrevistas a escritoras/es, vitrinas literarias...

Así mesmo, o 14 de xuño realizouse, como festa final de premio para as e os lectores, unha viaxe ás Illas Cíes.

7. PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO NO CENTRO

Neste curso académico 2022/23 os seminarios, cursos e xornadas de formación do profesorado que se materializaron no noso IES son:

1. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO EN CENTROS PÚBLICOS (PFPP 2019/2020) - IES Arcebispo Xelmírez I.

Segundo *RESOLUCIÓN do 12 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2022/23.*

ACTIVIDADES RELACIONADAS:

S2231015 PFPP 2022/2023 15015743 - IES Arcebispo Xelmírez I

| TÍTULO | MODALIDADE | ITINERARIO |
|---|-------------------|--|
| Coeducación: benestar emocional | Seminario | Coeducación: benestar emocional |
| Internacionalización e proxectos Erasmus+ | Grupo de traballo | Internacionalización e proxectos Erasmus+ |
| Dinamización da nosa aula virtual e manexo do material de polos creativos | Seminario | Dinamización da nosa aula virtual e manexo do material de polos creativos. |

2. INNOVACIÓN EDUCATIVA: CONTRATOS-PROGRAMA.

Neste curso académico 2022/23 o Ies Xelmírez I sumouse de novo á convocatoria de Contratos - Programa da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado

A convocatoria 2022/23 de contratos-programa trata de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de

mellora no que se poida, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, mellorar a convivencia, reducir as taxas de abandono escolar temperán, promover a igualdade de xénero e a inclusión, mellorar a competencia socio-emocional, afondar no logro da excelencia educativa, promover a actividade física, así como proporcionar atención educativa para a compensación de desigualdades na educación.

Os centros docentes, para lograr a equidade e a excelencia na educación, deben desenvolver as capacidades de todo o alumnado conforme as súas posibilidades e circunstancias e, para iso, teñen que organizarse de xeito diferenciado, planificando os seus recursos e desenvolvendo as actuacións necesarias para o logro duns obxectivos concretos nun período de tempo determinado.

En definitiva, o fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades e, xa que logo, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia.

Conforme á *Resolución de 09 de junio de 2022, de la Dirección General de Ordenación e Innovación Educativa, por la que se regulan los Contratos-Programa Innova (CPInnova) para fomentar la innovación educativa en los centros docentes públicos dependientes de la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades para el curso 2022/23*. Neste curso académico o IES A. Xelmírez I traballou nas seguintes actuacións :

1. CP innova

A iniciativa de Contratos-Programa Innova (CPInnova) tratou de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se permita, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, afondar no logro da excelencia educativa, incentivar o talento do seu alumnado, promover hábitos de vida saudables, impulsar unha educación para o desenvolvemento sostible e mellorar a xestión dos centros.

Nesta liña, e seguindo as directrices do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica no que se establece una clara aposta polos centros con espazos máis saudables, edificios máis integrados coa contorna e a paisaxe, e cun claro obxectivo de mellora da súa sostibilidade, os CPInnova supoñen unha ferramenta máis, posta ao servizo dos proxectos educativos dos centros docentes.

Con este fin, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilitou aos centros novos instrumentos que lles permitirán acadar os logros que perseguen. Os novos CPIInnova deron mostra do compromiso da administración educativa por ofrecer aos centros educativos oportunidades e recursos para desenvolver os seus proxectos dende un enfoque innovador, e seguir afondando na procura de estratexias para cambiar dinámicas e adoptar enfoques metodolóxicos novidosos.

Esta iniciativa consta de 5 modalidades das cales participou o noso centro participou en todas:

1. O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente. (EDUinnova)
2. O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento. (EDUexcelencia)
3. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables. (EDUsaúde)
4. O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). (EDUsostibilidade)
5. O centro educativo como modelo de calidade a nivel organizativo, de xestión e de funcionamento. (EDUcalidade)

2. CPIInclúe

A iniciativa de Contratos-programa Inclúe (CPIInclúe) 2022/23 foi un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030, concretamente cos obxectivos 4 (Educación de calidade) e 5 (Igualdade de xénero), poidan desenvolver un plan de mellora no que poidan, en función das necesidades detectadas e do seu proxecto educativo, acadar o éxito educativo a través da implementación de programas que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.

Igualmente, CPIInclúe estivo en consonancia coas pautas do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que incorporou espazos accesibles e inclusivos para toda a comunidade educativa, para o uso equitativo e igualitario, desde a visión da accesibilidade e do deseño universal e derrubando barreiras.

Segundo Resolución de 9 de junio de 2022, de la Dirección General de Ordenación e Innovación Educativa, por la que se regulan los Contratos - Programa Incluye (CPInclúe) para fomentar la inclusión educativa en los centros docentes públicos dependientes de la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades para el curso 2022/23. Esta iniciativa constou de 5 actuacións e o noso centro participou en 4 destas 5 actuacións, a 1, 2, 3 e 5.

1. QUÉDA-T.
2. IGUÁLA-T.
3. CONVIVE-T
5. EMOCIÓN-T

3. Polos Creativos

O noso IES acaba de presentar a solicitude para participar o vindeiro curso no programa Polos Creativos, segundo *Orde do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería.*

Os Polos Creativos tiveron un deseño modular e innovador, estarán dotados de equipación especializada, ocuparon espazos físicos definidos no centro educativo, organizaráronse didácticamente para fomentar a creatividade a través da superación de retos, a consecución de proxectos, a resolución de problemas, a realización de prototipos, a construción de resultados tanxibles, etc.

Enfocouse á aprendizaxe conxunta, colaborativa e comunitaria. Tamén albergou prácticas de investigación e experimentación. Os Polos Creativos tiveron unha visión ampla e integral do coñecemento e dos retos tecnolóxicos e dixitais en todos os campos do saber (humanidades, arte, ciencias sociais e naturais, artesanía, etc).

Funcionaron como centro de actividades no que se traballe a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D, as tecnoloxías de control computerizado e fabricación aditiva, o mecanizado de diferentes materiais, a electromecánica, a robótica e os microcontroladores, entre outras.

Foron, polo tanto, espazos abertos á comunidade educativa para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas do

conxunto da cidadanía, polo que se realizaron actividades formativas para os diversos departamentos coa participación de alumnado e profesorado.

4. PLAN PROXECTA

O Plan Proxecta+ é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial pero que ademais estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

O programa abarca diversas temáticas vencelladas aos mencionados obxectivos: igualdade e educación afectivo-sexual, mobilidade sostible, educación patrimonial, hábitos de vida saudables (alimentación e vida activa e deportiva), desenvolvemento sostible e concienciación medioambiental, cidadanía mundial, etc. Para conseguir acadar os obxectivos plantexados, este plan promove a realización de proxectos interdisciplinarios que fomenten o papel activo do alumnado ante os desafíos sociais, económicos e medioambientais da sociedade actual e do futuro e poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan como para o resto da comunidade educativa galega.

Conforme á *Resolución do 20 de maio de 2022 da Secretaría Xeral de educación e Formación Profesional pola que se regula o Plan Proxecta+*, este curso académico o noso centro participou con éxito nos seguintes Plan Proxecta:

- Salvavidas Coordinado pola profesora Rosalía Gómez
- Educación en dereitos da infancia e cidadanía global Coordinado pola profesora Carolina Bret Branco
- Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD) coordinado polo profesor José Manuel Nodar Ron.
- Donas de si, coordinado pola profesora Alexandra Pacheco González
- Correspondentes xuvenís coordinado pola profesora María Natalia Rodríguez Camino
- Galicons-net coordinado polo profesor Pedro Alonso Cascallana.
-

7. PROGRAMAS INTERNACIONAIS

EDUEXCHANGES 2022-2023

Dentro deste programa, levouse a cabo o intercambio con Montbéliard (Francia). Os seus obxectivos eran:

- Promover a convivencia cos colegas franceses/as integrándose na vida das familias e do centro.
- Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo adoptando actitudes de flexibilidade, interese e tolerancia, superando inhibicións e prexuizos e rexeitando discriminacións.
- Superar o medo a comunicar en francés, confiando nos recursos propios e suplindo as dificultades con estratexias de comunicación.
- Mellorar as súas competencias comunicativas en LE especialmente nas destrezas orais.
- Transferir o aprendido a novas situacións de comunicación.

Nesta actividade participaron 16 alumnos/as, acompañados de 2 profesores/as.

ERASMUS+

1.- ACCIÓN CLAVE 1/KA122-SCH: Mobilidade de alumnado e persoal de educación escolar.

Este foi o segundo e último ano do proxecto *Fracturas* (2021-1-ES01-KA122-SCH-000013388). No seu marco tivo lugar a terceira mobilidade prevista (Como) na que participaron 10 alumnos e 3 profesores/as dos departamentos de Linguas Estranxeiras, Historia e Música.

Antes da viaxe leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Actividades de selección dentro das materias implicadas nesta mobilidade.
- Elaboración do material para a realización das actividades programadas “in situ”: cuestionarios para as entrevistas, elaboración de presentacións para a difusión do proxecto no centro de acollida.

- Reunións previas para a creación dunha dinámica de equipo: reparto de roles, constitución de subgrupos.

Despois da viaxe, o alumnado seleccionado, xunto co equipo de profesorado Erasmus, foi o responsable de presentar o material de traballo recadado durante a súa estadía en Como, compartir a experiencia cos seus compañeiros e elaborar o material para a difusión desta etapa do proxecto.

O profesorado de linguas estranxeiras (francés, galego, inglés e portugués) ocupouse da tradución das actividades elaboradas polos 8 departamentos implicados.

Foi tarefa da coordinadora a redacción do informe final, o formateado e publicación do traballo elaborado polo equipo Erasmus na plataforma europea de resultados e na Web do proxecto: <http://fracturas.iesxelmirez1.gal/>

2.- ACCIÓN CLAVE 2 (KA 2): Asociacións Estratéxicas de apoio á innovación.

En calidade de socios non formais, o centro participou en 2 proxectos:

1) LivingRiver - Coidando e protexendo a vida e cultura dos ríos e regatos.

Departamentos implicados: Bioloxía e Xeoloxía

Realizouse un encontro de profesorado en Brasov (Romanía) e posteriormente en Santiago de Compostela.

Ambos encontros tiveron como obxectivo prioritario a análise da calidade da auga dos ríos locais.

2) Ciencia escolar e-learning ONE HEALTH (e-InnoEduCO2)

Departamentos implicados no centro: Bioloxía, Castelá, Economía, Ciclo VDJ.

No marco deste proxecto leváronse a cabo este ano as seguintes actividades:

- Día internacional da muller e a nena na ciencia no Coliseo Noela de Noia (10 febreiro de 2023): Simposio centrado no potencial das mulleres na investigación e na comunicación da ciencia para a vida cotiá coa orientación dos ODS. Participou o alumnado de 4º de ESO.

- Saída a Noia e Corrubedo: Charla de Angel Carracedo sobre a xenética dos transtornos psicolóxicos e siquiátricos de nenos e adolescentes. Asistiu a esta conferencia o alumnado de Bioloxía de 1º de Bac.

3.- PROGRAMAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

No referente aos programa europeos de FP, este curso só se levou a cabo o proxecto 2020-1-ES01-KA102-079982

Nós, como centro, integrámonos no Consorcio da Consellería de Educación e neste curso académico realizamos as seguintes mobilidades:

- 2 mobilidades de novos titulados do CM Vídeo Disc-Jockey e Son en Portugal.
- 4 mobilidades de FCT (Formación en Centros de Trabajo) tamén en Portugal.

COLABORACIÓN COA USC

O IES Arcebispo Xelmírez I colaborou tamén na integración do alumnado dos cursos internacionais da Universidade de Santiago buscando familias de acollida. Cinco alumnos/as do centro recibiron nas súas casas a estudantes estranxeiros matriculados nestes cursos.

8 PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO, RELACIÓN DE ALUMNOS, FASES E CALENDARIO

Véxase o arquivo **FCT Memoria Final curso 2022-2023** contida no arquivo do mesmo nome.

9 MEMORIA DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

Todas as memorias académicas do curso 2022-2023 correspondentes aos Departamentos Didácticos contéñense nas carpetas respectivas.

10. INFORMES INDIVIDUALIZADOS DO ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE FP

Os informes individualizados do alumnado de Ciclos Formativos de FP van anexados en dúas carpetas comprimidas onde se indican os R.A que non adquiriron e as actividades de recuperación previstas.

Para máis información, véxanse as carpetas **Informes individualizados CM-VDJ** e Informes final de Curso 21_22 FPB Informática de Oficina

Santiago, a 29 de Xuño de 2023

Asdo. Manuel Portas Fernández,
Director